

SEGURO DE CAUCIÓN COMO GARANTÍA DE OBRAS

A entidade (*razón social*) con CIF:..... e domicilio en (*poboación*), na rúa/praza/avda. debidamente representada por D/D^a: (*nome e apelidos das persoas apoderadas*) con NIF:....., con poderes suficientes para obrigarlle/s neste acto, segundo resulta da verificación da representación da parte inferior deste documento

ASEGURA

A D/D^a:..... (*nome e apelidos ou razón social da persoa asegurada*) con NIF:..... e domicilio en (*para os efectos de notificacións*) en calidade de tomador do seguro, perante o Concello de Arteixo, en diante asegurado, por importe de..... (*importe polo que se constitúe o seguro en letra e número*), para responder en concepto de garantía do cumprimento de.....
(*especificar polo miúdo o obxecto das obras segundo figura redactado no acordo notificado onde se require a garantía, identificando o número do expediente se así se indica na notificación*).

A aseguradora declara, baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos esixidos no artigo 57.1 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

A falta de pagamento da prima, sexa única, primeira ou seguintes, non lle dará dereito ao asegurador a resolver o contrato, nin este quedará extinguido, nin a cobertura do asegurador suspendida nin este liberado da súa obriga, caso de que o asegurador deba facer efectiva a garantía.

A aseguradora non poderá opoñerlle á persoa asegurada as excepcións que poidan corresponderlle contra a persoa tomadora do seguro.

A aseguradora, que renuncia expresamente a calquera beneficio, e especificamente ao de excusión, comprométese a facer efectiva a garantía, ao primeiro requirimento da Tesouraría do Concello de Arteixo, con suxección aos termos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público e demais normativa de desenvolvemento.

Este seguro será de duración indefinida, permanecendo vixente até que o Concello de Arteixo resolva expresamente declarar a extinción da obriga garantida e a cancelación do seguro, de acordo co establecido na Lei de contratos do sector público, e demais normativa de desenvolvemento.

.....
(*Lugar e data da súa expedición*)

.....
(*Razón social da entidade*)

.....
(*Sinatura das persoas apoderadas*)

VERIFICACIÓN DA REPRESENTACIÓN POLA SECRETARÍA XERAL DO CONCELLO DE ARTEIXO OU POLA AVOGACÍA DO ESTADO		
Provincia:	Data:	Número ou Código: